




FERVENZAS DE PEDRAFIGUEIRA


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2,5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta no concello de Carnota, no lugar de Pedrafigueira.

O río Pedrafigueira que desemboca na praia de Carnota descende entre rochas de granito rosa e forma varios saltos e rápidos coñecidos co nome das Fontes. O salto máis grande ten uns 10 m de altura.

A vexetación é de bosque de ribeira con loureiros.

COMO CHEGAR:

Desde Carnota está indicado. Cóllese un desvío que sobe ao monte e despois duns 800 m sen asfaltar hai un sendeiro que baixa á ferverza.

